

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 11, 14-23

Naquel tempo, Estaba botando un demo mudo; e cando saíu o demo, falou o mudo. A xente quedou abraiada, pero algúns deles dixeron:

– «Este bota fóra os demoños co poder de Belcebú, xefe dos demos.»

Outros, para probalo, reclamábanlle un sinal do ceo. Pero el, coñecéndolles o que pensaban, díxolles:

– «Todo reino dividido contra si mesmo fica arruinado, caendo casa sobre casa. Pois ben, se Satanás está dividido contra si mesmo, ¿como se vai soste o seu reino? Vós dicides que boto os demos co poder de Belcebú.

Pero se eu boto os demos co poder de Belcebú, ¿co poder de quen os botan vosos fillos? Por iso eles mesmos serán os vosos xuíces.

Pero se boto os demos co poder de Deus, é que xa chegou a vós o Reino de Deus.

Mentres un home forte e armado garda o seu pazo, os seus bens están seguros. Pero se chega un máis forte, e o vence, quitándolle as armas nas que confía, repartirá o botín.

Quen non está comigo está contra min, e quen non recolle comigo derrama.»